



Anexo I b)

ORIENTACIÓNS PARA CUBRIR O DEUC

DATOS DO EXPEDIENTE PO 1/2023 CSCAFETERIASCP

Concesión dos servizos de xestión das cafeterías de 6 centros de ensino público da provincia de Pontevedra, dividido en 6 lotes, durante o curso 2022/23 e 2023/2024, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria.

Para facilitar a formalización por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) nº 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta, dentro do punto titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así, en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no rexistro de licitadores que corresponda, xa sexa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (Rolece) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXCG) co alcance previsto no artigo 341.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, coa condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (endereço da internet, todos os datos de identificación e, se é o caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no Rolece ou no RXCG, a seguir esta recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben ser subministrados, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios, limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscristibles, e a empresa debe asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou, de estaren, non están actualizados, no seu caso concreto.

b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores, así mesmo, ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a substanciación do procedemento de contratación e para garantir o seu bo desenvolvemento para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá exixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no punto anterior do mesmo artigo ao eximir os licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo rexistro de licitadores que corresponda [Rolece ou RXCG].

Parte I.

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

Esta información xa aparece cuberta no DEUC.

Parte II.

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita neles ou que, aínda estando inscrita, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica que información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

- Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC, en todo caso, por non figuraren en poder do Rolece ou RXCG.
- Que datos son susceptibles de estar inscritos no Rolece ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cubrir no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros e, se o están, deberá asegurarse de que constan nel de maneira actualizada.



PARTE II: INFORMACIÓN SOBRE O OPERADOR ECONÓMICO

| Sección | É un dato/información susceptible de estar inscrito no Rolece ou RXCG? |
|--|--|
| Sección A | |
| Identificación: | Os datos incluídos neste punto deben ser cubertos pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españois, o NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras. |
| Información xeral: | |
| Se é o caso, figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)? | Si () Non () Non procede () () Rolecesp |
| En caso afirmativo: Registro en que está inscrito e número de inscrición | () Rexistro Xeral de Contratistas da C.A. de Galicia |
| Certificación en formato electrónico | () Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es , Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa) () Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dá Comunidade Autónoma de Galicia NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS |
| Indicar grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista | Si () Non () |
| Coa clasificación cúmprense todos os criterios de selección? En caso negativo, cubra a parte IV deste formulario (seccións A ,B, C ou D, segundo proceda. | Si () Non () |
| Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adjudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado que poida consultarse gratuitamente? | Poñer enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación () Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa dá Comunidade Autónoma de Galicia |
| Dispoñible en formato electrónico | |





| | |
|---|---|
| Forma de participación. | |
| Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros? | Si () Non () |
| En caso afirmativo b) Identifíquense os demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente. | Identificar con NIF, NIE, VIES ou DUNS de la empresa. No caso de estar nalgún dos rexistros de licitadores, indicar: () Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es , Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa) () Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: ____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/registro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia. |
| Información sobre os lotes aos que se licita: | Campo de obrigado cumprimento. Indicación do lote ou lotes respecto aos cales o operador económico desexe presentar unha oferta. |

Na parte II, na letra B, denominado Información sobre os representantes do operador económico, a sección dedicada á representación non é necesario que sexa cuberta se o licitador está no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

| | |
|---|---|
| Sección B | |
| Representación Nome e apelidos: Cargo: Enderezo postal: Teléfono: Correo electrónico: Información sobre representación (forma, alcance, finalidade...) | NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS |

Parte III.

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle ningunha referencia á nosa lexislación, para facilitar a adecuada formalización por parte das empresas desta parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último, os artigos do noso LCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Nótese que España traspuxo a regulación das prohibicións de contratar que establece a DN mediante a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que modifica a regulación desta materia no LCSP, concretamente dando nova redacción aos artigos 70 e 71 e creando «ex novo» o artigo 73 bis, polo que, con carácter xeral, nesta materia non procede falar de efecto directo senón de mera aplicación de normas nacionais.

Dado que non todas as prohibicións para contratar están inscritas no *Rolece e/ou RXCG, as empresas deberán responder a todas as preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC





| | | |
|--------------------------|------------------------|--|
| Parte III, nº de sección | DN | Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público |
| Sección A | Artigo 57.1. | Artigo 71.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social). |
| Sección B | Artigo 57.2. | Artigo 71.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas conforme a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria). |
| Sección C | | |
| Primeira pregunta | Artigo 57.4.a). | Artigo 71.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 71.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade). |
| Segunda pregunta | Artigo 57.4.b). | Artigo 71.1.c). |
| Terceira pregunta | Artigo 57.4.c). | Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia profesional). |
| Cuarta pregunta | Artigo 57.4.d). | Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia). |
| Quinta pregunta | Artigo 57.4, letra e). | Artigo 71.1.g) e h). |
| Sexta pregunta | Artigo 57.4, letra f). | Artigo 70. |
| Sétima pregunta | Artigo 57.4.g). | Artigo 71.2, letras c) e d). |
| Oitava pregunta: | | |
| Letras a), b) e c) | Artigo 57.4.h). | Artigo 71.1, letra e) e 60.2, letras a) e b). |
| Letra d) | Artigo 57.4.i). | Artigo 71.1.e). |
| Sección D | ----- | Artigo 71.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións) |

D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do Estado membro do poder adjudicador

| | |
|--|--|
| Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese | Si () Non () |
| | Se e afirmativo, adoptou medidas autocorrectoras? Si () Non () Describir as medidas: |





Parte IV.

Relativa aos criterios de selección.

Convén destacar, respecto da parte IV, que os poderes e entidades adxudicadores poderán limitar a información requirida sobre os criterios de selección a unha soa pregunta, é dicir, se os operadores económicos cumpren ou non todos os criterios de selección necesarios. Nese caso bastará responder SI ou NON no punto titulado “Indicación global relativa a todos os criterios de selección” e queda excluída a formalización dos puntos seguintes:

- A. Idoneidade
- B. Solvencia económica e financeira
- C. Capacidade técnica e profesional
- D. Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Do mesmo xeito que na parte II, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte IV do formulario aquela información que non figure inscrita ou que, aínda estando inscrita, esta non conste de maneira actualizada. Neste punto novamente indícase, a modo orientativo respecto do Rolece e do RXCG, que información ou datos poderían estar inscritos e cales non.

| Sección | É un dato/información susceptible de estar inscrito no Rolece? |
|--|--|
| A [«Indicación (...)»]. | |
| A («Idoneidade»). | |
| Figura inscrito nun rexistro profesional ou mercantil no seu Estado membro de establecemento? | Non está no Rolece, se o empresario está inscrito nun rexistro profesional. Si podería estar no Rolece, se o empresario está inscrito nun rexistro mercantil, de cooperativas, de fundacións ou de asociacións. |
| Cando se trate de contratos de servizos, é preciso dispoñer dunha autorización específica ou estar afiliado a una determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate no país de establecemento do operador económico? | Si podería estar no Rolece, cando conforme a lexislación nacional, se requira unha autorización, colexiación ou similar para prestar o servizo de que se trate. |
| B (Solvencia) | |
| O seu volume de negocios anual (xeral), durante o número de exercicios exixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte... | Si podería estar no Rolece. |
| O seu volume de negocios anual (medio), durante o número de exercicios exixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte... | Non está no Rolece, pero o volume de negocios anual medio en calquera período é calculable a partir dos datos do volume anual de negocios durante os exercicios correspondentes (datos inscribíbles, indicados na pregunta anterior) |
| Se non se dispón da información sobre o volume de negocios (xeral ou específico) en relación con todo o período considerado, indíquese a data de creación da empresa ou de inicio das actividades do operador económico. | Si podería estar no Rolece. |
| En relación coas ratios financeiras que se especifican no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación, o operador económico declara que o valor real das ratios requiridas é o seguinte... | Non está no Rolece, pero todas as ratios financeiras son calculables a partir dos datos financeiros das contas anuais (datos que si son inscribíbles). |
| O importe asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é o seguinte... | Si podería estar no*Rolece. |

Parte V. (Non se cubre)

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos a que se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cubrir esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

Parte VI.

Relativa ás declaracións finais.






XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

XEFATURA TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE PROGRAMACIÓN E
CONTRATACIÓN
Edificio administrativo da
Xunta de Galicia
Avda. María Victoria Moreno
43 – 8º
36003 Pontevedra



Esta parte debe ser cubierta e asinada pola empresa interesada en todo caso.

